

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE VISITA AS INSTALACIÓNS DE CIE GALFOR, EMPRESA REFERENTE DE SOLIDARIEDADE

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) acudirá, o mércores 11 de marzo, cunha unidade móbil ata as instalacións de CIE Galfor, empresa que conta cunha longa traxectoria de colaboración e compromiso coas iniciativas destinadas a promover o solidario xesto da doazón de sangue. O horario de atención da unidade móbil, estacionada dentro do recinto da empresa, será das 09:30 ás 14:30 e das 15:30 ás 18:00 horas.

CIE Galfor ten recibido as visitas das unidades móbiles da ADOS en 51 ocasións, obtendo un total de 1.727 doazóns de sangue.

Desde a Axencia, amosar o noso recoñecemento á dirección de CIE Galfor pola súa colaboración, agradecemento que quere facer extensivo a todos os traballadores e traballadoras que doan sangue.